

PROXECTO

“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021, NO CONCELLO DE VERÍN”

O Concello de Verín vén de rematar as obras de **“Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas no núcleo rural de Tamagelos no Concello de Verín”**, actuación acometida grazas ao importe subvencionable previsto no "Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021" da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

A intervención contou cun orzamento de 39.000 euros, percibindo o Concello de Verín unha axuda de 24.232,50 euros procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), correspondente ao 75 por cento do investimento total.

Devandita actuación discorreu sobre a vía existente que se atopaba en rega asfáltica deteriorada, e consistiu nunha serie de accións enfocadas a ampliación, mellora e mantemento do firme existente e das súas marxes.

Verín remata as actuacións previstas para a mellora de carreiro e creación de roteiro interpretativo na Veiga de Tintores

O Concello vén de rematar as obras de mellora de carreiro e creación de roteiro interpretativo na Veiga de Tintores, nas que o Concello de Verín licitou por 20.432,92 euros (máis o IVE), dos que 20.000 euros proceden da subvención financiada integramente con cargo á submedida 4.4 do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) do 75%.

Esta actuación tivo por finalidade a recuperación e valorización do antigo carreiro situado na Veiga de Tintores, que se inclúe dentro da Rede Natura. Dentro das obras efectuadas integrouse medioambientalmente a antiga ponte que cruza o Río Támega mediante a colocación de adoquíns e substituíuse o valado metálico por outro de madeira en consoancia co ambiente no que se empraza.

Ademáis mellorouse o carreiro que une devandita ponte coa pontiña sobre o rego do muíño existente e colocouse unha serie de carteis indicativos e divulgativos sobre os solos agrícolas e os aproveitamentos agrogandeiros nesta zona, xa que o tramo reformado do carreiro conecta a área de lecer e fluvial de Tintores con diversas parcelas agrícolas.

A rehabilitación deste carreiro permitirá a interconexión da área de lecer de Tintores (incluso a “ciclovía do Támega”) coa outra marxe do río, no que o visitante poderá percorrer zonas de transición dun ecosistema fluvial con explotación agrogandeiras perfectamente adecuadas ó entorno, ofrecéndolle ó paseante unha visión dunha gandería máis sostible que tódalas granxas intensivas existentes na comarca.